

A DIGLOSIA ENTRE OS MORTOS

O alumnado de Ciencias Sociais de 1º Ciclo da ESO realizou, durante os cursos académicos 2003-2004 e 2004-2005, unha análise do cumprimento da normativa lingüística, no que a topónimos se refire, nas necrolóxicas de varios xornais. O resultado foi impresionante: o incumprimento era xeral. E como tamén observaron que a lingua utilizada maioritariamente na redacción das citadas necrolóxicas era o castelán, decidiron no 2005-2006 intervir e enviar unha carta e dous modelos de esqela en galego a funerarias, xornais... Velaí o resultado:



Carta

Data:
Destinatario:

Estimado señor:

Hai dous anos, no IES de Melide, un grupo de alumnos/as decidimos facer un traballo sobre a poboación: nacementos, defuncións...

Unha das fontes consultadas foi a sección de esquelas dos xornais. Decatámonos entón dunha serie de problemas alleos ao tema en cuestión e que afectaban especialmente á nosa lingua: practicamente non atopamos esquelas en galego, os erros nos topónimos eran constantes, os nomes de persoas castelanizados etc.

Mudamos entón a temática do traballo e dedicámonos en profundidade ao estudo das esquelas. **A diglosia entre os mortos aínda que eles non falan** foi o título elixido para o estudo. Non imos profundar no tema porque non queremos estendernos. Revisamos unhas cinco mil esquelas, o 95% estaban escritas en castelán; como din os autores do resumo, non fai falla ser moi bo matemático para saber a porcentaxe que corresponde ás escritas na nosa lingua: o 5%.

Analizamos tamén o tema dos topónimos e, aínda que a Lei de Normalización di no seu artigo 10 "**os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega**", comprobamos que, unha vez máis, a normativa non se cumpre: Arteijo, La Coruña, Oza de los Ríos, Sobrado de los Monjes, son algúns dos exemplos.

Quen son os culpables da situación? De quen é a responsabilidade de facernos chegar o nome correcto do concello ou localidade na que vivimos? A culpa é nosa por non reparar no tema, ou son os mortos os que elixen?


Decidimos actuar e remitirle a vostede esta carta por se cre que debe tomala en consideración e adoptar as medidas que vostede estime oportunas.

Atentamente:
Sinaturas

A quen enviar as cartas?

1.- Aos directores dos xornais galegos:

La Voz de Galicia
El Correo Gallego
El Progreso
El Faro de Vigo





A DIGLOSIA ENTRE OS MORTOS

2.-Director de Política Lingüística.

3.- Mesa de Normalización

4.- Radio galega: proposta de debate

5.- Consellería de Cultura.

6.- Asociación de funerarias. (Xuntaranse tamén dous modelos de esquelas)



O señor/a ou mozo/a (se ten alcume poñémosllo).

Finou na súa casa en, o día, aos anos.

**** D.E.P ****

O seu viúvo/ a..., fillos/ fillas, irmáns, familiares.....

Pregan unha oración pola súa alma e a asistencia á condución de cadáver mañá...,día..., ás ...h., ... dende a casa mortuoria/tanatorio ... até o cemiterio de ... e a asistencia ao funeral que polo seu eterno descanso se celebrará na igrexa de...

Lugar..., data....

Casa mortuoria/ Tanatorio

Funeraria



(Nome e apelidos da persoa falecida)

"Xamais te esqueceremos, levámoste no corazón, nos nosos recordos e na memoria" (ou outra dedicatoria)

**** D.E.P ****

A súa familia: muller, fillos etc

Agradecen a súa compañía nestes intres ...

O funeral polo seu descanso celebrárase na igrexa de....., ás.....h.

A continuación, os restos mortais recibirán sepultura no cemiterio de.....

Localidade e data.

(Prégase non envíen flores)

Fogar funerario.....

Funeraria.....